

GALICIA



ARTE

PASCUALA CAMPOS MICHELENA

Pascuala Campos é un arquitecta que ten unha obra escasa, pero non por iso deixa de ser importante a súa sensibilidade e finura. Aínda que a súa influencia se deixa ver naquelas primeiras obras que realizou en colaboración con CÉSAR PORTELA (concello de Pontecesures e colexio do Cumial; neste último tamén colaborou XA-

BIER SUANCES), un dos poucos exemplos que nos manifesta con claridade o que afirmamos en canto á relación da arquitectura co territorio é a súa intervención no conxunto histórico de Combarro. Este enmárcase no significado que, para Galicia, teñen as rías (hai que ter en conta o significado decisivo dos elementos nos que o home interveu e que xa forman parte do noso territorio construído). A intervención humana nestas paisaxes foi tradicionalmente mesurada e equilibrada. Neste caso trátase dun lugar cun elemento especial de configuración arquitectónica: o mar. A preamar e a baixamar fan que esta macroarquitectura sexa mutable, xa non só polas distintas estacións do ano, senón tamén por causa das mareas e pola lúa. As intervencións nun territorio deste tipo, que sexa ademais un conxunto histórico-artístico, resultan difíciles e raramente revalorizadoras ou rehabilitadoras.



Lavadoiro.
*Conxunto
histórico
de Combarro.
Pontevédriz.
Pascuala
Campos
Michelela)*

Esta muller, andaluza de orixe e galega por decisión circunstancial e irremediable, conxuga na súa arquitectura a presenza case inadvertida co respecto por esa racionalidade espacial que acariña, con agarimo en certo modo cultural, o obxecto arquitectónico que se propoña. A súa acción rehabilitadora en Combarro contraponse a outras que, máis ca revalorizar o obxecto ou o macro-obxecto, o que fan é engadirlle elementos estraños que poden chegar a destruír claramente a súa forma histórica. É un traballo respectuoso de restauración, consolidación e pouquísimos agregados: potencia hórreos e ramplas de acceso á ría, pavimenta e ordena un anterior e inconcluso recheo, incorpora un potente e ben deseñado lavadoiro, etc.; fai todo afrontándose á presenza de edificacións incomprensibles que están arredor e consegue un efecto óptimo. Contribuíu, en fin, á revalorización dun espazo residual e elevouno á categoría de praza, rúeiro, vía, ría e miradoiro, cunhas proporcións en planta que rozan a exactitude e que venen definidas exclusivamente polo pavimento e o "peto" de pedra.

Para as intervencións nos edificios que son bens de interese cultural, o único criterio existente é o que emana da lectura do monumento ou do propio obxecto arquitectónico. Deste xeito, o obxecto arquitectóni-

co—raramente identificable cun só momento histórico—inicia un diálogo coa intervención restauradora ou rehabilitadora, que non sempre coincide en todo o edificio. A práctica restauradora diríxese só á revalorización do propio obxecto arquitectónico; é dicir, diríxese á posibilitación dunha maior e mellor comprensión do monumento (neste caso un conxunto histórico). Esta comprensión só é eficaz se trae consigo unha contemplación doada e directa do obxecto e, ó mesmo tempo, un uso áxil e funcional do mesmo. Todo isto vese realizado neste proxecto de Combarro que Pascuala Campos chegou a comprender con tanta eficacia.

A Escola de Acuicultura, na illa da Arousa, é un proxecto derivado dun concurso que se celebrou no ano 1988 e que se executou no cuatrienio posterior. O lugar no que o concurso propoñía a intervención caracterizábase por unha degradación case endémica que tivo durante anos a función de servir de lugar oficioso de vertedoiro de lixo. Deste xeito, a pequena praia, marcada por liñas onduladas de masas rochosas, perdía o atractivo ó incidir nela, con enorme énfase, a existencia do vertedoiro.

Ó longo da extensa e accidentada costa galega non é raro ver o perfil de topografías ricamente humanizadas



Praza.
*Conxunto
histórico
de Combarro.
Pontevedra.
(Pascuala
Campos
Micholena)*

**Escola
de Acuicultura.**
*Illa de Aronsa,
Pontevedra.
(Pascuala
Campos
Michelena)*



pola man do home. No cultivo do mar e da terra, a relación desta co plano ondulante activo do mar e das rías artúclase mediante unha serie de construcións que apoían esa idea de humanización dos tres elementos (mar, ría e terra) nunha mesma paisaxe.

Estas construcións humanizadas e culturizantes existen con gran peculiaridade, sosegada unhas veces e dramática outras, e son moi semellantes ás implantacións bieitas ou cistercienses que artellan e humanizan o territorio do interior de Galicia. Estámonos referindo ás salgadeiras que a inmigración catalana, sobre todo, incorporou sabiamente á nosa paisaxe de beiramar, co que definiu a preindustrialización dun sector económico hoxe importante, a pesar da crise, para o noso país. Nunha política atinada sobre os cultivos mariños pode estar a salvación dun sector, o pesqueiro, no que os problemas de dureza e os ecolóxicos resólvense ó mesmo tempo. Por iso este centro de acuicultura adquire unha importancia grande, e Pascuala Campos sóuboo comprender nas preexistencias e analogías e na dimensión dinamizadora do futuro do sector.

O lugar, depurado da súa historia recente de vertedoiro, acolleu "maternalmente" (nunha daquelas tipo-

loxicas cerradas en si mesmas, arredor de dous patios, un rectangular e outro cadrado) o programa previsto. Un bloque compacto cara ó exterior, contextualizado coa tipoloxía axcitada e o material que tectonicamente lle correspondía, a pedra, era a resposta racional e lóxica ó lugar, ó programa e á topografía cultural. A "idea" era, fundamentalmente, todo iso, e de aí o seu acerto. Ademais, para configurar os dous patios dentro do enorme bloque, existe un corpo central grande no que se colocan, desde o primeiro soto ó primeiro andar, a piscina, o salón de actos e a biblioteca. Entre o muro do salón de actos e a proxección da biblioteca, na planta de acceso, hai uns piares que a soportan. Entre a parede do salón de actos e as columnas insírese unha perspectiva interior con transparencia cara á ría. Deste xeito, a entrada, o salón, a columnata, o bar e a ría están nunha mesma secuencia e configuran un corredor no que a luz do patio rectangular vai pasando a través da columnata que soporta a biblioteca.

Arredor do patio rectangular están as aulas e os seminarios, e en torno ó patio cadrado a administración e os departamentos. Este último patio céntrase co espazo das piscinas de cultivos, no primeiro soto, que se



visualizan desde a planta baixa polas pontellas que dan acceso ós laboratorios no centro do espacio a dobre altura.

O espacio central, que organiza os dous patios cara ó exterior, proxéctase verticalmente de xeito que sobresaie sobre o bloque compacto do conxunto e simboliza a adaptación tipolóxica como centro docente e ilustrado, igual ca moitas das ricas contribucións á tipoloxía docente que se realizaron nas últimas décadas.

**Mercado
e lonxa.**

Buenos Aires,
Pontevedra.
(César Portela
Fernández-
Jardón,
en colaboración
con Priscuila
Campos)



**Concello de
Pontecesures.**
Pontevedra.
(César Portela
Fernández-
Jardón,
en colaboración
con Pascuala
Campos)



**Concello de
Pontecesures.**
Pontevedra.
(César Portela
Fernández-
Jardón,
en colaboración
con Pascuala
Campos)



**Colégio
do Cumial.**
Ourense.
(Xosé Xabier
Suances Pereiro,
en colaboración
con Pascuala
Campos
e César Portela)

